Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para a residencia de persoas maiores do Cornuval, no concello do Carballiño, a valoración da levada a cabo desde a súa apertura e os motivos existentes para non habilitar a totalidade das prazas previstas nela, así como as súas intencións ao respecto

- 5041 - 580 (10/PRE-000445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da eficacia do modelo de colaboración público-privada para a construción de infraestruturas sanitarias e a súa valoración en relación coas queixas e denuncias referidas ás deficiencias na xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a débeda asumida por Galicia coa súa construción

- 4941 - 608 (10/PRE-000448)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre os datos referidos ás persoas en paro en Galicia reflectidos na Enquisa de poboación activa publicada polo Instituto Nacional de Estatística, a información e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

- 5055 - 705 (10/PRE-000454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para acordar a implantación do modelo denominado de liña fría para o servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e a situación laboral na que quedará o persoal que está a prestar servizo na cociña do centro, así como a posibilidade de mantemento do servizo nas anteriores condicións de prestación

- 4968 - 900 (10/PRE-000462)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en materia de sensibilización social respecto da liberdade de orientación sexual das persoas. (Procedemento de urxencia)

- 5036 - 934 (10/PRE-000464)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os servizos relixiosos que están a prestar os capeláns da Igrexa Católica na rede de hospitais públicos de Galicia

- 5046 - 997 (10/PRE-000468)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación que reflicten os datos referidos ao consumo en Galicia de bebidas alcohólicas pola mocidade, o grao de cumprimento da Lei 11/2010, de prevención do seu consumo en menores de idade, e as actuacións concretas que se están a levar a cabo no eido educativo, así como a dotación dos recursos necesarios para o seu desenvolvemento

- 5043 - 1005 (10/PRE-000469)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos orzamentarios necesarios, así como a execución das obras de construción do novo centro de saúde de Ribadavia

- 5047 - 1024 (10/PRE-000470)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para reverter o impacto na poboación galega do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións

- 4987 - 1108 (10/PRE-000471)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre os criterios seguidos e as medidas adoptadas para outorgarlles praza na residencia de Ares ás persoas maiores que quedaron sen praza no centro de día Virxe de Covadonga, na parroquia de Laraxe, no concello de Cabanas, as razóns existentes para non financiar o seu transporte á residencia de Caranza-Ferrol e a situación en que se atopa a planificación do aumento destas prazas públicas na área de Ferrol

- 5051 - 1251 (10/PRE-000477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa xestión que está a levar a cabo a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as causas e as consecuencias da situación de saturación, para os doentes e os profesionais do centro, producida no Servizo de Urxencias nos días previos e posteriores ao 14 de novembro de 2016, así como as medidas adoptadas e previstas ao respecto

- 5053 - 1551 (10/PRE-000484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as razóns do Sergas para non ter xeneralizado a prescrición dos novos anticoagulantes orais a todos os doentes que non teñan contraindicación

- 4986 - 1582 (10/PRE-000485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a creación do centro de atención terapéutica-ocupacional de xestión pública para persoas con discapacidade de máis de 21 anos de idade na provincia de Ourense comprometido con diversos partidos políticos, así como a solución proposta para as persoas usuarias do centro de Velle

- 4955 - 1628 (10/PRE-000486)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún estudo respecto da orixe da discriminación salarial que padecen as mulleres en Galicia e as medidas previstas para corrixila

- 4920 - 1742 (10/PRE-000490)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para non elaborar campañas de prevención, formación de profesionais e informativas, así como non realizar o plan de cribado segundo o establecido no Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatite C, e a súa posición en relación coa posible ampliación para o tratamento de doentes F0

- 4956 - 1758 (10/PRE-000492)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Industria e Emprego para corrixir a deterioración existente na distribución do emprego por idades

- 5014 - 1793 (10/PRE-000494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de acollemento familiar

- 5020 - 1804 (10/PRE-000495)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 4 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da consignación para o ano 2017 dos orzamentos necesarios, así como da execución do proxecto, para a construción do novo centro de saúde da Illa de Arousa

- 5018 - 2078 (10/PRE-000501)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre a situación asistencial existente no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as razóns do Goberno galego para manter camas pechadas nel e as súas previsións respecto do incremento da dotación de persoal e equipamento do centro, así como sobre o número de camas que vai ter ao remate das obras de ampliación

- 5060 - 2094 (10/PRE-000502)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o contido do convenio asinado entre o Sergas e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no Plan nacional para a abordaxe da hepatite C no Sistema nacional de saúde, así como o número de persoas reclusas tratadas coa medicación indicada

- 5052 - 2101 (10/PRE-000503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión da Consellería de Sanidade respecto da existencia dun problema global en Galicia para a cobertura dos servizos de pediatría por profesionais, os datos ao respecto e as súas previ-

sións en relación coa incorporación de máis pediatras ao Sergas, así como a mellora da dotación de persoal do Servizo de Cirurxía Pediátrica e o impulso do funcionamento deste servizo en Ourense durante as 24 horas do día

- 5044 - 2110 (10/PRE-000504)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre a actuación da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense en relación cos reclamacións do persoal do centro, as medidas previstas para mellorar a situación da sala de descanso do persoal do Servizo de Urgencias e a posible gratuidade do aparcadoiro da zona nova

- 5031 - 2113 (10/PRE-000505)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da elección do modelo denominado de liña quente para a nova cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como a eliminación da temporalidade do seu persoal e o cadro de persoal que vai ter

- 5037 - 2135 (10/PRE-000507)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a consignación, no Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, dalgunha partida para a elaboración dun proxecto de execución dunha infraestrutura para restablecer os servizos do Hospital Gil Casares, a existencia dalgún calendario e o prazo estimado para esas actuacións, así como o asentamento previsto para ese fin

- 5038 - 2344 (10/PRE-000512)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Sergas respecto da substitución do modelo tradicional por un modelo privatizado de liña fría no servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ou noutros centros sanitarios da provincia e os beneficios que podería achegar á calidade do servizo e á seguridade alimentaria, así como a valoración da posibilidade de reducir o seu persoal ou o seu horario actual

- 4975 - 723 (10/PRE-000519)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 5 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para informar e formar as persoas consumidoras e usuarias en relación coa factura da subministración eléctrica

- 5058 - 725 (10/PRE-000520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos resultados da primeira edición do programa denominado *Galicia Exporta* e as súas previsións respecto do seu mantemento no futuro

- 5034 - 1235 (10/PRE-000524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a incidencia dos recortes do Goberno central nos fondos asignados ás comarcas mineiras galegas no Plan do carbón 2006-2012, os datos referidos ao seu desenvolvemento e a posibilidade de compensación da totalidade dos fondos non investidos nas infraestruturas das Pontes e Cerceda

- 4971 - 1317 (10/PRE-000525)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas adoptadas para combater a pobreza enerxética, así como a incidencia que teñen as liñas de actuación do Goberno central no afrontamento do problema polas comunidades autónomas

- 4958 - 1319 (10/PRE-000526)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística referidos á pobreza enerxética e a súa opinión respecto da suficiencia das medidas postas en marcha para afrontar a situación das familias afectadas

- 4961 - 1837 (10/PRE-000529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha valoración das posibles consecuencias para os estaleiros galegos da crise económica da empresa Pemex, así como o incumprimento dos compromisos e anuncios públicos de carga de traballo e de creación de emprego, as medidas que vai adoptar ao respecto e o plan ou estratexia prevista para o sector

- 4983 - 634 (10/PRE-000550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación coas reclamacións dos mariñeiros galegos que traballaron na mariña mercante de Noruega referidas ao recoñecemento do dereito a percibir as súas pensións de xubilación ou a que se lles devolvan os impostos recadados

- 4980 - 662 (10/PRE-000551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos á tramitación do expediente de contratación do proxecto técnico da dragaxe para a mellora da seguridade do porto de Laxe, as actuacións concretas que se van levar a cabo e o seu calendario de execución, así como as que se van desenvolver con posterioridade para ese fin

- 4969 - 899 (10/PRE-000621)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia no ámbito educativo para dar resposta á necesidade dunha educación en igualdade e libre de violencia de xénero

- 4959 - 1140 (10/PRE-000626)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a realización polos técnicos da Xunta de Galicia dalgunha valoración das obras necesarias para a ampliación do colexio de educación infantil e primaria Eladia Mariño, do concello de Cabanas, así como o orzamento e os prazos previstos para a execución do proxecto

- 4935 - 2131 (10/PRE-000646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coa posible distribución nalgún centro de ensino de Galicia da publicación titulada *¿Sabes lo que quieren enseñarle a tu hijo en el colegio? Las leyes de adoctrinamiento sexual*, da organización Hazte Oír e, se é o caso, as medidas adoptadas ao respecto

- 4928 - 2317 (10/PRE-000653)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 4 máis

Sobre a información e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa distribución polas asociacións Hazte Oír e Citizen Go nos centros de ensino de Galicia da publicación titulada *¿Sabes lo que quieren enseñarle a tu hijo en el colegio? Las leyes de adoctrinamiento sexual*

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Elección da vicepresidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 15 de febreiro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Elección de vicepresidente

- 4070 (10/CEEM-000025)

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Elección de vicepresidenta

Dona Sandra Vázquez Domínguez (P)

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017

Eva Solla Fernández



Vicepresidenta 2ª



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 610**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a relación de axudas e subvencións concedidas pola Xunta de Galicia a diversas empresas do sector da automoción”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información solicitada nesta iniciativa foi facilitada no Parlamento ao dar resposta -na sesión de Comisión 6ª do 2.12.2016- o secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria á pregunta 517, de idéntico contido e mesmos/as deputados/as formulantes.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:16:19&idvid=C3208198&duration=00:09:48&wmv=0000009697Z-002-100kb.wmv&>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

10 FEB. 2017

NUM

4984



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1838**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgunha valoración das posibles consecuencias para os estaleiros galegos da crise económica da empresa Pemex, así como o incumprimento dos compromisos e anuncios públicos de carga de traballo e de creación de emprego, as medidas que vai adoptar ao respecto e o plan ou estratexia prevista para o sector”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 2090 -na sesión plenaria do 13.12.2016- sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?
timecode=03:41:24&idvid=C3212328&duration=00:13:11&wmv=0000009711M-002-
100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:41:24&idvid=C3212328&duration=00:13:11&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2318**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luca Chao Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración dos técnicos da Xunta de Galicia en relación co impacto das obras para o desdoblamento do corredor do Morrazo na conservación do castro de Montealegre”**, (publicada no BOPG número 32 do 12 de decembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:


“En relación coa presunta chegada de dita publicación a centros educativos de Galicia, a postura da Xunta de Galicia é clara :

- Existe un rexeitamento total á divulgación de calquera tipo de publicación con contidos non pedagóxicos, e por suposto aos ideolóxicos e doctrinarios, nun centro educativo sostido con fondos públicos.

- Ao mesmo tempo, a Xunta de Galicia está rotundamente en contra de calquera manifestación homófoba e que atente contra a liberdade das persoas, e neste caso, contra a liberdade de orientación sexual e identidade de xénero.

Por suposto, foi este Goberno o que máis ten avanzado en prol da defensa, igualdade e non discriminación do colectivo LGTBI, e así se seguirá facendo nos vindeiros anos, xa que a liberdade e o respecto neste caso está por riba de calquera outra cousa.

- No caso de que un tipo de publicación deste tipo, ou de outro que non cumpra coa lexislación, ten que ser retirada do centro educativo que a reciba, xa sexa de maneira particular ou de forma masiva a varios centros.



- A lexislación vixente é clara nestes casos, polo que confiamos na responsabilidade dos equipos directivos para que cumpran coa normativa de maneira responsable e con sentido común.

No caso que nos ocupa neste momento, a lexislación vixente posta en marcha por este Goberno non deixa lugar a dúbidas :

Lei 2/2014, pola Igualdade de trato e non discriminación de LGTBI en Galicia.

Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa (e o Decreto 8/2015 que a desenvolve).

Protocolo de identidade de xénero.

A estratexia de convivencia Educonvives.gal

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.

LOMCE: pon o acento no coñecemento das diferentes realidades que aporta a diversidade afectiva e sexual, como factor de enriquecemento social e como valor a defender desde a pluralidade e o respecto absoluto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 378**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do Servizo de Cirurxía Pediátrica as 24 horas do día, durante todo o ano, no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Cirurxía Pediátrica do CHOU existe e está operativo as 24 horas do día. É un servizo de área, compartido co Servizo de Cirurxía Pediátrica do CHUVI, que da apoio e trata aquelas patoloxías que pola súa complexidade non son subsidiarias de tratamento no CHOU. Según recolle na memoria organizativa da creación do servizo.

A Área do Servizo Compartido de Cirurxía Pediátrica para o sur de Galicia crease por Resolución do 12 de novembro de 2013, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde. Esta fórmula organizativa potencia o traballo e a cooperación intrahospitalaria, ademais de achegar os servizos aos cidadáns e promover a equidade no acceso ás prestacións, e é garantía de que cada patoloxía aténdese no lugar axeitado e polos profesionais axeitados, mellorando a seguridade dos doentes e os coñecementos e habilidades técnicas dos profesionais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 470**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Consellería de Sanidade para non incluír nunha oferta pública de emprego as prazas vacantes cubertas con persoal interino no Sergas”**, (publicada no BOPG número 7 do 4 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A estabilidade no emprego constituíu unha das liñas básicas da política de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde. Na pasada lexislatura, foron publicadas ofertas públicas de emprego todos os anos, cunha oferta que superou 1.600 prazas para a práctica totalidade das categorías estatutarias. Esta medida, xunto coa cobertura interina dun considerable volume de postos dos cadros de persoal, sitúa nun 80% o persoal estable do cadro de persoal medio do Servizo Galego de Saúde. Nesta liña presentamos ás organizacións sindicais na mesa sectorial de sanidade o borrador do Plan de Estabilidade, co que plasmar o compromiso do Sergas de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García Señorán Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 488**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da xestión levada a cabo na residencia para persoas maiores do Cornuval, no concello do Carballiño, desde a súa apertura”**, (publicada no BOPG número 7 do 4 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A mencionada residencia é un centro de titularidade desta Administración que presta un servizo público, independentemente da forma de xestión elixida para este fin. Neste senso, o que debe valorarse non é cómo ou quen presta o servizo, senón que as condicións de prestación se axustan aos parámetros establecidos por esta consellería no prego de cláusulas que rexe o contrato e que os usuarios accedan ao servizo nas mesmas condicións e do mesmo xeito que os que acceden a servizos públicos similares prestados, ben directamente ou ben a través doutra xestión.

A posibilidade de que esta Administración poida xestionar os seus propios centros de forma directa, con persoal propio, ou indirecta, recóllese na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, aprobada durante o Goberno bipartito. Neste senso, o marco legal, non cambiou.

A este respecto, o artigo 29 da citada lei establece a posible prestación de servizos sociais polas Administracións públicas galegas directamente ou de maneira indirecta.

En calquera caso, estamos a falar dun servizo público, financiado pola Administración Pública e cuxos usuarios acceden a él do mesmo xeito que os que ingresan en centros de xestión propia da Xunta de Galicia. Estes usuarios reciben as mesmas prestacións e



aplícanse as mesmas normas de participación no financiamento do servizo que aqueloutros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A handwritten signature in dark ink, appearing to read 'Blanca García-Señoráns Álvarez'.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 2 de 2





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 635**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para colaborar cos mariñeiros galegos que traballaron na mariña mercante de Noruega na reclamación do recoñecemento do dereito a percibir as súas pensións de xubilación”**, (publicada no BOPG número 10 do 9 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é coñecedora da prolongada situación inxusta que padecen as persoas que integran a asociación Long Hope e, en consecuencia, ten desenvolvido un rol activo para apoiar as metas do colectivo, sempre no marco das súas competencias.

Por unha banda, celebráronse reunións coas persoas representantes da asociación para coñecer de preto as súas demandas, que posteriormente foron transmitidas ás instancias pertinentes.

Por outra banda, deuse cumprido traslado ao Goberno do Estado dos acordos acadados no Parlamento de Galicia. Como é coñecido, o eixo fundamental destes acordos constitúeno a solicitude ao Estado da presentación dunha demanda interestatal contra Noruega diante do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Ademais, a Xunta de Galicia mantivo una relación fluída co Goberno de España para coñecer as decisións adoptadas e os avances acadados.

Por último, cómpre sinalar que o Consello da Xunta deu o visto e prace o 1 de setembro do 2016 á sinatura dun convenio de colaboración coa asociación Long Hope cuxo obxectivo era o de contribuír ao financiamento dos gastos nos que incorrese o colectivo na defensa do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

13 FEB. 2017

Núm. 4979

recoñecemento da pensión de xubilación polo sistema noruegués. Como é coñecido, a asociación Long Hope negouse a asinar o sinalado convenio aducindo discrepancias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 663**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións concretas que vai levar a cabo o Goberno galego para garantir a seguridade no porto de Laxe”**, (publicada no BOPG número 10 do 9 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:


“Portos de Galicia está a tramitar a obra de dragaxe do porto de Laxe. Trátase dunha demanda histórica do sector na zona para dar resposta ás necesidades de abrigo da flota do municipio, unha necesidade da que Portos de Galicia é plenamente consciente e coa que estamos comprometidos en busca dunha solución.

Esta actuación conta cun orzamento estimado de arredor de 3,5 millóns de euros e durante os meses que levamos traballando na súa tramitación creouse unha mesa técnica para realizar o seguimento do proxecto. Esta mesa técnica está composta por técnicos de Portos de Galicia, o Concello, os portavoces de todos os grupos municipais, e a confraría de Pescadores.

Tras máis dun ano de tramitación, Portos de Galicia licitou en 2016 as obras, que previa iniciar nese outono, sen embargo, no mes de xullo produciuse un imprevisto de carácter administrativo que complica a tramitación e do que Portos informou de xeito inmediato á comisión técnica de seguimento.

O problema sobrevido foi que parte da zona afectada pola actuación de dragaxe prevista atópase catalogada como Rede Natura, polo que conta cunhas medidas de protección e garantías ambientais máis estritas e específicas, que non se contemplaban na tramitación realizada ata o momento.

Portos de Galicia, como non podía ser doutro xeito, realizou todos os trámites ambientais contemplados na lexislación e solicitou informes respecto diso aos organismos competentes. Con todo, nunha consulta de mapas de catalogación realizada polos propios técnicos de Portos no mes de xullo, constatouse que se trataba de Rede Natura.



Ante esta situación, Portos non pode máis que asumir o novo escenario administrativo que se expón para esta obra e que atrasa inevitablemente a súa execución xa que a tramitación ambiental dos traballos require agora de novas medidas de protección que obrigan a dar determinados pasos que non se prevían antes de coñecer a catalogación como Rede Natura. Por tanto, os prazos previstos ata pasado verán atrasaranse e a obra non puido dar comezo en 2016 como estaba previsto.

Con todo, Portos de Galicia trasladou xa aos representantes do Concello e a Confraría que non renuncia ao proxecto, que seguirá adiante coa tramitación administrativa do mesmo e que manterá a consignación orzamentaria existente.

De feito, o ente público está a traballar xa na nova tramitación das obras. A día de hoxe estase en fase de redacción do estudo de impacto ambiental ao que obriga a catalogación de Rede Natura, para a obtención da Declaración de Impacto Ambiental por parte da administración ambiental autonómica. Esta tramitación ten unha duración prolongada, como coñece o sector e foi a propia comisión de seguimento e o sector os que optaron pola tramitación global, asumindo a súa dilatación no tempo.

Como pode verse por tanto, existe por parte de Portos vontade de dar cumprimento ao seu compromiso co sector marítimo portuario de Laxe sempre de xeito coordinado con el e mantendo contacto directo cos seus representantes así como cos da cidadanía a través da Corporación municipal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 935**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os servizos relixiosos que se están a prestar na rede de hospitais públicos de Galicia”**, (publicada no BOPG número 15 do 16 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos acordos asinados coa Santa Sede garántese a asistencia católica dos pacientes católicos ingresados nos hospitais públicos. Esta asistencia prestarase en todo caso co debido respecto á liberdade relixiosa e de conciencia, e coa observancia das normas de organización e funcionamento dos centros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 996**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da situación que reflicten os datos referidos ao consumo en Galicia de bebidas alcohólicas pola mocidade”**, (publicada no BOPG número 15 do 16 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:


“O conselleiro de Sanidade contestou no Pleno celebrado o día 12 de decembro á Interpelación número 995 que contén idénticas preguntas.

Respecto da primeira afirmou que os datos dende hai máis de 20 anos, expoñen unha situación preocupante, aínda que en proceso de mellora, sobre a que é preciso seguir traballando.

Respecto do cumprimento da Lei 11/2010 a valoración é positiva, quedando aspectos por mellorar. Informou sobre as medidas de prevención, e as relacionadas coa limitación da oferta.

Tamén informou dos programas desenvolvidos coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No que se refire aos recursos dispoñibles informou dos dedicados a 6 convocatorias entre 2013 e 2017, que acadan os 5,6 millóns de euros.



Adicionalmente finánciase unha intervención específica nos espazos de ocio nocturno, á que se destinaron máis de 240 mil euros dende o ano 2012.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1006**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos orzamentarios necesarios, así como a execución das obras de construción do novo centro de saúde de Ribadavia”**, (publicada no BOPG número 15 do 16 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A finais de 2008, o Concello asina co Sergas a posta a disposición dunha parcela, situada non Campo da Feira, para a construción dun novo de centro de saúde. O Sergas, con data 2010, procedeu a adxudicación do Proxecto Básico de Execución do novo Centro de Saúde.

Pese ao investimento realizado polo Sergas na redacción do proxecto, non consta cesión dos devanditos terreos por parte do Concello de Ribadavia, que a data de hoxe aínda non aportou documentación que acredite a súa titularidade sobre as seis leiras que compoñen a parcela e, en consecuencia, a agrupación das mesmas e o seu certificado catastral. Todo elo imprescindible para completar os trámites de cesión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 804**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Aurelio Alfonso Núñez Centeno e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da posta en marcha en Galicia do proxecto denominado Praias sen fume e a valoración da Consellería de Sanidade e do Sergas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 10 do 9 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 22.12.2016- polo director xeral de Saúde Pública ao darlle resposta á pregunta 796 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

Nela explicou os beneficios que supón.

A avaliación do proxecto é positiva, sendo consciente de que se está ante un proxecto que precisa tempo.

Engadir que o mesmo tivo unha excelente acollida entre a poboación.

Ao longo de 2017, e cara o futuro, continuaranse desenvolvendo actuacións neste marco.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1112**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Susana López Abella e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia na X lexislatura en materia de atención especializada a menores expostos á violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 15 do 16 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A finais do ano 2016 e, con continuidade a principios do ano 2017, desenvóléronse tres accións específicas en materia de atención especializada a menores expostos á violencia machista.

En primeiro lugar, o proxecto ‘Gritando ao Mundo’, de intervención con adolescentes, mozos e mozas en risco de exclusión social para o fomento da igualdade e que se desenvolverá nos centros de menores públicos, en coordinación coa Fundación Juan Soñador. Esta iniciativa conta así mesmo cun apartado específico de formación de profesionais dos CIMs, dos Servizos Sociais e dos centros de menores.

Tamén dirixidos a profesionais dos CIMs e dos servizos sociais dos Concellos, puxéronse en marcha dous obradoiros específicos para realizar cos menores co fin de seguir achegando coñecementos para a mellora na atención e intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

13 FEB. 2017

Núm. 4966

Por último, iniciouse un plan formativo en violencia de xénero que se desenvolverá en sete espazos xoves, e vai dirixido a todos os e as profesionais da rede galega de información xuvenil.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1236**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados das actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a incidencia dos recortes do Goberno central nos fondos asignados ás comarcas mineiras galegas no Plan do carbón 2006-2012”**, (publicada no BOPG número 18 do 23 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 1.02.2017- polo director xeral de Enerxía e Minas ao darlle resposta á pregunta 2823 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:53:33&idvid=C3231618&duration=00:23:04&wmv=0000009794L-002-100kb.wmv&.)

[timecode=00:53:33&idvid=C3231618&duration=00:23:04&wmv=0000009794L-002-100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:53:33&idvid=C3231618&duration=00:23:04&wmv=0000009794L-002-100kb.wmv&.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1583**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a creación do centro de atención terapéutica-ocupacional de xestión pública para persoas con discapacidade de máis de 21 anos de idade na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 21 do 29 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 22.11.2016- polo Conselleiro de Política Social ao dar resposta á pregunta 388 sobre o mesmo tema. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1634**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre “**o coñecemento polo Goberno galego da situación de discriminación salarial que sofren as mulleres en Galicia**”, (publicada no BOPG número 26 do 7 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 791 –na sesión plenaria do 13.12.2016- sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:45:09&idvid=C3212319&duration=00:30:11&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1636**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego a curto, medio e longo prazo para corrixir a discriminación salarial que sofren as mulleres en Galicia”**, (publicada no BOPG número 26 do 7 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 795 –na sesión plenaria do 13.12.2016- sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:45:09&idvid=C3212319&duration=00:30:11&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1729**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Vero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da modificación do actual proxecto para o centro de atención ás persoas con discapacidade de Ourense co fin de garantirlles a todas as persoas con diversidade funcional da provincia todos os servizos sociais e sanitarios que necesitan”**, (publicada no BOPG número 26 do 7 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 22.12.2016- polo secretario xeral técnico da Consellería de Política Social ao darlle resposta á pregunta 1728, sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmo/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017



A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1740**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da Consellería de Sanidade para non elaborar campañas de prevención, formación e información, segundo o establecido no Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatitis C”**, (publicada no BOPG número 26 do 7 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A liña estratéxica do Plan Nacional correspondiente á epidemioloxía e prevención esté en fase de elaboración e deseño por parte do Comité de expertos. Galicia desenvolverá as actividades que se definen en canto o Comité as estableza e o o Ministerio as comunique. Desta forma contrubuiremos a garantir a homoxeneidade e equidade en todo o sistema nacional de saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1791**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para reforzar a integración familiar dos menores que se atopan no sistema de protección en acollemento residencial”**, (publicada no BOPG número 26 do 7 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:


“A Xunta de Galicia aposta firmemente polo acollemento familiar para a atención de menores que deben estar temporalmente separados das súas familias de orixe.

O acollemento familiar é unha medida de protección para nenos e nenas que non poden ou non é conveniente que vivan cos seus pais.

Mediante o acollemento, o neno ou nena pasa a convivir cunha familia distinta á súa, integrándose plenamente na vida familiar. A familia acolledora debe coidar ao menor, telo na súa compañía, educalo e velar porque as súas necesidades estean atendidas.

No acollemento familiar, mantéñense os vínculos de parentesco do ou da menor cos seus pais biolóxicos, considerándose unha medida de protección temporal.

Con base nos principios xerais da normativa estatal e autonómica de protección de infancia, a política da Xunta de Galicia é favorecer o acollemento familiar fronte ao residencial.



A Consellería de Política Social está a ultimar a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA), un instrumento de planificación das políticas de benestar que a Xunta de Galicia impulsará nos vindeiros catro anos, dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma.

A Xunta de Galicia desenvolveu accións divulgativas do acollemento familiar co deseño e edición do conto 'Os Bolechas aumentan a familia', que se distribuíron en todos os centros educativos, bibliotecas, centros de menores e asociacións que traballan coa infancia...

As familias acolledoras contan con diferentes apoios da Xunta de Galicia:

En primeiro lugar, as familias acolledoras dispoñen do apoio técnico e acompañamento durante todo o tempo que dure o proceso.

Ademais, na maioría dos casos as familias reciben unha compensación económica da Administración polo acollemento.

Por outra banda, se asumen directamente aqueles servizos adicionais (gastos extraordinarios) que necesiten as persoas menores, que se entenda que exceden do seu coidado ordinario e que non estean cubertos polo sistema público xeral; así por exemplo, cobre os gastos derivados de servizos ou actividades tales como atención profesional especializada (por exemplo no ámbito da logopedia, psicoterapia, pedagogía, enfermería, fisioterapia, etc...), atención óptica e odontolóxica, próteses, etc.

As familias acolledoras poden ser, así mesmo, perceptoras doutros beneficios, tanto do sistema de galego de servizos sociais como doutros sistemas de protección.


Finalmente, co obxecto de dotar ás familias acolledoras dunha protección especial, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, dáselles o



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



carácter de 'familias de especial consideración', que outorga ás familias acolledoras un trato preferente en determinados ámbitos (vivenda, educación, transporte, etc.) en función da normativa específica de cada un destes sectores."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 3 de 3





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1792**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da equiparación dos permisos de maternidade, paternidade e lactación para as familias de acollemento de menores, segundo as circunstancias e a súa situación”**, (publicada no BOPG número 26 do 7 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia aposta firmemente polo acollemento familiar para a atención de menores que deben estar temporalmente separados das súas familias de orixe.

O acollemento familiar é unha medida de protección para nenos e nenas que non poden ou non é conveniente que vivan cos seus pais.

Mediante o acollemento, o neno ou nena pasa a convivir cunha familia distinta á súa, integrándose plenamente na vida familiar. A familia acolledora debe coidar ao menor, telo na súa compañía, educalo e velar porque as súas necesidades estean atendidas.

No acollemento familiar, mantéñense os vínculos de parentesco do ou da menor cos seus pais biolóxicos, considerándose unha medida de protección temporal.



Con base nos principios xerais da normativa estatal e autonómica de protección de infancia, a política da Xunta de Galicia é favorecer o acollemento familiar fronte ao residencial.

A Consellería de Política Social está a ultimar a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA), un instrumento de planificación das políticas de benestar que a Xunta de Galicia impulsará nos vindeiros catro anos, dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma.

A Xunta de Galicia desenvolveu accións divulgativas do acollemento familiar co deseño e edición do conto 'Os Bolechas aumentan a familia', que se distribuíron en todos os centros educativos, bibliotecas, centros de menores e asociacións que traballan coa infancia...

As familias acolledoras contan con diferentes apoios da Xunta de Galicia:

En primeiro lugar, as familias acolledoras dispoñen do apoio técnico e acompañamento durante todo o tempo que dure o proceso.

Ademais, na maioría dos casos as familias reciben unha compensación económica da Administración polo acollemento.

Por outra banda, se asumen directamente aqueles servizos adicionais (gastos extraordinarios) que necesiten as persoas menores, que se entenda que exceden do seu coidado ordinario e que non estean cubertos polo sistema público xeral; así por exemplo, cobre os gastos derivados de servizos ou actividades tales como atención profesional especializada (por exemplo no ámbito da logopedia, psicoterapia, pedagogía, enfermía, fisioterapia, etc...), atención óptica e odontolóxica, próteses, etc.

As familias acolledoras poden ser, así mesmo, perceptoras doutros beneficios, tanto do sistema de galego de servizos sociais como doutros sistemas de protección.

Finalmente, co obxecto de dotar ás familias acolledoras dunha protección especial, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, dáselles o


Páxina 2 de 3



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



carácter de 'familias de especial consideración', que outorga ás familias acolledoras un trato preferente en determinados ámbitos (vivenda, educación, transporte, etc.) en función da normativa específica de cada un destes sectores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1803**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da consignación para o ano 2017 dos orzamentos necesarios, así como da execución do proxecto, para a construción do novo centro de saúde da Illa de Arousa”**, (publicada no BOPG número 26 do 7 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para mellorar as instalacións do actual centro de saúde é necesaria a realización dunhas obras de reforma, así como a instalación dun ascensor. Con este obxecto asinouuse o pasado mes de novembro un convenio entre o Concello e o Servizo Galego de Saúde, que recolle o compromiso deste de elaborar e, de ser o caso, supervisar e aprobar o correspondente proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar estas obras con cargo aos seus orzamentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1839**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgunha valoración das posibles consecuencias para os estaleiros galegos da crise económica da empresa Pemex, así como o incumprimento dos compromisos de carga de traballo e de creación de emprego”**, (publicada no BOPG número 26 do 7 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 2090 –na sesión plenaria do 13.12.2016- sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmo/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:41:24&idvid=C3212328&duration=00:13:11&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.”>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1847**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre “**o coñecemento polo Goberno galego da deterioración existente na distribución do emprego por idades**”, (publicada no BOPG número 26 do 7 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 2118 –na sesión plenaria do 13012.2016- sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo deputado.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:54:35&idvid=C3212329&duration=00:11:48&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1897**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a situación en que se atopa o proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galicia**”, (publicada no BOPG número 28 do 14 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente, só existe un proceso de regularización permanente ao abeiro do art. 55º do Real decreto 1586/2012 polo que se modifica o *Real decreto 1549/2009, relativo á ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo de Pesca*, no que interveñen o Ministerio e a Capitanía Marítima e no que a Consellería, segundo establece ese Real decreto, non ten intervención activa.

Con data de 2.02.2016, regularizáronse en Galicia ao abeiro dese artigo 75 embarcacións.

Actualmente, as embarcacións poden acollerse á regularización permanente do artigo 55º do Real decreto 1586/2012.

Das 2.469 solicitudes do procedemento impulsado pola Lei 9/2007, quedaron 1.466 sen regularizar. Posteriormente, o Real decreto 1081/2012, tentou regularizar as embarcacións que presentándose á Lei 9/2007 non foran regularizadas. No proceso deste último real decreto hai que distinguir ás que se regularizaron pola Consellería (857) daquelas que obtiveron resolución desfavorable por non aportar baixas (155), o que implica realizar a actividade pesqueira ata a súa vida útil aínda que estas embarcacións se aportan baixas se regularizarían.



En total, entre estes dous procesos hai arredor de 400 embarcacións que quedaron sen regularizar pero que moitas delas o fixeron polo Real decreto 1586/2012, sendo está a opción que teñen actualmente as embarcacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Parlamentarias

13 FEB. 2017

Num:

4972



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2027**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para informar e formar as persoas consumidoras e usuarias en relación coa factura da subministración eléctrica”**, (publicada no BOPG número 28 do 14 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 2764 –na sesión plenaria do 24.01.2017- sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:54:14&idvid=C3229029&duration=00:09:42&wmv=0000009774E-002-100kb.wmv&."](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:54:14&idvid=C3229029&duration=00:09:42&wmv=0000009774E-002-100kb.wmv&.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2079**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego en materia de recursos humanos, materiais e organización para evitar as saturacións, así como os ingresos de doentes do Servizo de CardioloXía con necesidades de telemetría no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 32 do 21 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende os primeiros días do mes de decembro procedeuse á posta en funcionamento de novas camas ata acadar o 100% das existentes. Diariamente valorase a actividade e as necesidades para adecuar a organización e os recursos.

Respecto á telemetría adquiríronse novos equipos para a planta de cardioloXía.

O cadro de persoal, tanto de urxencias como o de medicina interna tamén se reforzou.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2100**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade para resolver os problema que afectan ao Servizo de Pediatría”**, (publicada no BOPG número 28 do 14 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Garantir a calidade de prestación sanitaria na atención pediátrica é un obxectivo prioritario do Sergas.

A non dispoñibilidade de profesionais dificulta en moitas ocasións a cobertura do cadro de persoal, polo que as ausencias e substitucións valoranse en conxunto en cada unha das EOXS, tendo en conta os recursos dispoñibles. Non obstante, é preciso recordar que a atención, de non de haber un pediatra, é prestada polos médicos de familia, profesionais perfectamente capacitados para facelo.

O Servizo de Cirurxía Pediátrica do CHOU existe e está operativo as 24 horas do día. É un servizo de Área, compartido co servizo de cirurxía pediátrica do CHUVI, que da apoio e trata aquelas patoloxías que pola súa complexidade non son subsidiarias de tratamento no CHOU.

A Área do Servizo Compartido de Cirurxía Pediátrica para o sur de Galicia créase por resolución do 12 de novembro de 2013, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde. Esta fórmula organizativa potencia o traballo e a cooperación intrahospitalaria, ademais de achegar os servizos aos cidadáns e promover a equidade no acceso ás prestacións, e é garantía de que cada patoloxía atendese no lugar axeitado e polos profesionais axeitados,



mellorando a seguridade dos doentes e os coñecementos e habilidades técnicas dos profesionais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017



A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

13 FEB. 2017

Núm. 5033



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2137**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a consignación, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, dalgunha partida para a elaboración dun proxecto de execución dunha infraestrutura para restablecer os servizos do Hospital Gil Casares”**, (publicada no BOPG número 28 do 14 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos orzamentos do ano 2017 existen dúas consignacións relacionadas con esta pregunta:

-Actuacións nos hospitais de Santiago: 700.000 Euros

-Nova Facultade de Medicina: 5.000.000 Euros

Respecto da dotación de servizos asistenciais, na actualidade están todas as plantas e camas operativas, non existe ningún recorte e dase resposta a demanda asistencial existente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2342**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Sergas respecto da substitución do actual modelo tradicional por un modelo privatizado de 'liña fría' no servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense están a analizarse diferentes alternativas, tendo en conta as súas características e todos os axentes implicados. A liña fría é unha delas.

Cando se decida o modelo, obviamente xustificárase. En calquera caso, será unha decisión técnica tomada polos profesionais.

A liña fría está implantada nun gran número de centros hospitalarios con gran éxito e grandes vantaxes.

A situación laboral do persoal que presta servizos na cociña do CHOU será a mesma que actualmente.



Cómpre investir nunha nova cociña, precisamente para seguir mantendo a calidade e a seguridade da mesma no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Blanca' followed by a stylized surname.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2343**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Sergas da posibilidade de reducir o persoal ou o seu horario actual no servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense están a analizarse diferentes alternativas, tendo en conta as súas características e todos os axentes implicados. A liña fría é unha delas.

Cando se decida o modelo, obviamente xustificárase. En calquera caso, será unha decisión técnica tomada polos profesionais.

A liña fría está implantada nun gran número de centros hospitalarios, con gran éxito e grandes vantaxes.

A situación laboral do persoal que presta servizos na cociña do CHOU será a mesma que actualmente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
13 FEB. 2017
Núm. 5039

É necesario investir nunha nova cociña, precisamente para seguir mantendo a calidade e a seguridade da mesma no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2350**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o desenvolvemento polo Goberno galego dalgunha medida para impulsar o cumprimento da Declaración de Compostela nos medios de comunicación editados e/ou distribuídos en Galicia”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“As persoas profesionais dos medios de comunicación son cada día máis conscientes do importante labor que poden e deben desempeñar na prevención e loita contra a violencia de xénero.


O seu papel como elemento sensibilizador da sociedade ante esta problemática ven sendo cada vez máis patente nos últimos anos. O labor dos medios na denuncia e visibilización da violencia de xénero é incuestionable, xa que o xeito de tratar este tipo de actitudes rexeitables contribúe fortemente a configurar a percepción social das mesmas.

Dende a Xunta de Galicia levamos anos traballando, conxunta e coordinadamente, no eido do tratamento informativo da violencia de xénero nos medios de comunicación.

Neste senso, elaborouse no seu día, e difundíuse entre os medios de comunicación, un ‘Código de boas prácticas para o tratamento informativo axeitado da violencia de xénero’, que ten como base a chamada ‘Declaración de Compostela’.

Pola súa parte, a CRTVG dispón do seu propio código de autorregulación na materia.

Nos últimos anos, esta Administración autonómica ven desenvolvendo cursos de formación na materia dirixidos ás persoas profesionais da comunicación e da publicidade, así como aos alumnos/as das correspondentes carreiras universitarias.



Tamén é de destacar o acordo de colaboración entre a CRTVG e a Secretaría Xeral da Igualdade para a sensibilización, prevención e visualización da violencia de xénero.

Lembrar, por último, que a Comisión asesora da Publicidade non sexista (dependente do Observatorio galego contra a Violencia de xénero) ven de elaborar e difundir a guía 'Indicacións para detectar o sexismo na publicidade' na que se recollen as claves para detectar mensaxes publicitarias de carácter discriminatorio entre mulleres e homes.

Salientar, por último, que a Xunta de Galicia vai seguir traballando no desenvolvemento e promoción nos medios de comunicación, dos principios básicos que conforman a Declaración de Compostela."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora Xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2457**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luca Pérez Chao, sobre “**o aumento da pobreza infantil en Galicia**”, (publicada no BOPG número 36 do 28 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento -na sesión plenaria do 22.11.2016- polo Conselleiro de Política Social ao darlle resposta á interpelación 375 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 892**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Sol Díaz Mouteira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas de colaboración e coordinación en materia de protección civil existentes entre o Goberno Galego e a Administración central, o Principado de Asturias, Castela e León e Portugal”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén importantes liñas de colaboración transfronteiriza en materia de emerxencias con Castela e León derivadas do protocolo xeral de Colaboración asinado o 20 de xaneiro do 2010 entre os residentes de ambas comunidades autónomas e que comprende múltiples liñas de actuación que van dende a asistencia sanitaria, maiores, muller, educación, protección civil e emerxencias.

A colaboración en materia de emerxencias tamén se estende ao norte de Portugal a través do Proxecto europeo de Cooperación transfronteiriza de asistencia recíproca Interrexional entre ambas comunidades e o Norte de Portugal, (ARIEM 112).

Froito desta colaboración aprobáronse en outubro de 2013 no Porto, os Pactos de Axuda Mutua e Protocolos de Actuación Conxunta en materia de emerxencias na zona transfronteiriza común de Galicia, Castela e León e Norte de Portugal.

Ademais, o 30 de xuño de 2016 o Goberno galego asinou un convenio de colaboración e apoio mutuo co Principado de Asturias en materia de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, co obxectivo de establecer o marco de cooperación, colaboración e



coordinación, que permita acadar unha resposta eficaz ante emerxencias graves en zonas limítrofes entre ambos territorios.

Tamén hai que destacar a adhesión no ano 2015 da Xunta de Galicia ao Convenio Marco de Colaboración na xestión de Emerxencias entre o Ministerio del Interior (DG de Protección Civil) e as comunidades do País Vasco, Andalucía, Principado de Asturias, Illas Baleares, Comunidade de Madrid, Castilla e León e as cidades de Ceuta e Melilla.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1601**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Luis Villares Naveira, sobre **“as razóns da demora na actualización, na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade, dos datos oficiais referidos á violencia de xénero correspondentes ao segundo semestre de 2016, así como o índice de denuncias e de casos producidos na Administración pública galega nese ano”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016 (DOG 225 do 24 de novembro de 2011) regula e aproba o Plan galego de estatística 2012-2016, instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia, así como modifica determinados preceptos da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

O Plan galego de estatística 2012-2016 constitúe o marco de colaboración institucional entre as entidades que forman parte da organización estatística de Galicia, segundo o artigo 37 da Lei de estatística de Galicia, e destas con outras entidades públicas locais, autonómicas ou estatais, así como europeas ou internacionais.

Unha das operacións estatísticas que aparecen recollidas é referida a violencia de xénero, concretamente: axudas, prestacións e acreditacións dirixidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero cuxo obxectivo é o de difundir información estatística sobre as prestacións e demais axudas dirixidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero, así como a forma e o prazo de difusión:



O primeiro semestre do ano difundirase na internet en agosto do ano en curso

O segundo semestre do ano e o total dese ano difundiranse na internet en febreiro do seguinte ano.

Polo que os datos correspondentes ao segundo semestre do 2016 teñen que ser publicados a ano pechado e daranse publicidade en febreiro de 2017.

En canto á segunda actuación, dicir que no Pleno do Parlamento de Galicia, concretamente o celebrado nos días 27 e 28 de decembro de 2016, o Vicepresidente da Xunta de Galicia, deu cumprida resposta a este interrogante a través da resposta dada a diversas iniciativas debatidas en relación coa violencia de xénero. Concretamente a interpelación 1876 e as preguntas 1735 e 2384."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 379**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“a incidencia dos recortes levados a cabo na atención prestada polo Servizo de Cirurxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a valoración e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego ao respecto, así como as súas previsións en relación coa reposición deste servizo durante as 24 horas do día e os 365 días do ano”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Garantir a calidade de prestación sanitaria na atención pediátrica é un obxectivo prioritario do Sergas.

A non dispoñibilidade de profesionais dificulta en moitas ocasións a cobertura do cadro de persoal, polo que as ausencias e substitucións valoranse en conxunto en cada unha das EOXS, tendo en conta os recursos dispoñibles. Non obstante, é preciso recordar que a atención, de non de haber un pediatra, é prestada polos médicos de familia, profesionais perfectamente capacitados para facelo.

O Servizo de Cirurxía Pediátrica do CHOU existe e está operativo as 24 horas do día. E un servizo de Área, compartido co servizo de cirurxía pediátrica do CHUVI, que da apoio e trata aquelas patoloxías que pola súa complexidade non son subsidiarias de tratamento no CHOU.

A Área do Servizo Compartido de Cirurxía Pediátrica para o sur de Galicia créase por resolución do 12 de novembro de 2013, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde. Esta fórmula organizativa potencia o traballo e a cooperación intrahospitalaria, ademais de achegar os servizos aos cidadáns e promover a equidade no acceso ás prestacións, e é

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
13 FEB. 2017
Núm. <u>5050</u>

garantía de que cada patoloxía atendese no lugar axeitado e polos profesionais axeitados, mellorando a seguridade dos doentes e os coñecementos e habilidades técnicas dos profesionais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 389**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade, a dotación de prazas e espazos que vai ter e a data prevista para a súa entrada en funcionamento, así como a garantía da súa xestión e titularidade pública”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento -na sesión plenaria do 22.11.2016- polo Conselleiro de Política Social ao darlle resposta á pregunta 388 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 421**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da desestimación do proxecto de construción dun hospital único en Monte Carrasco para a mellora da atención sanitaria na area de Pontevedra, a dispoñibilidade dun plan director e dun plan funcional para este proxecto, así como os modelos de financiamento e de xestión previstos e a suficiencia da partida orzamentaria consignada para o ano 2016”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O conselleiro de Sanidade na comparecencia de Orzamentos informou da dotación de 1 millón de euros no ano 2017 para a realización do Plan Funcional, o Plan Sectorial e o anteprojecto de obra do Gran Montecelo.

Neste momento está adxudicada á licitación para a realización do Plan Funcional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 489**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para a residencia de persoas maiores do Cornuval, no concello do Carballiño, a valoración da levada a cabo desde a súa apertura e os motivos existentes para non habilitar a totalidade das prazas previstas nela, así como as súas intencións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 7 do 4 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A mencionada residencia é un centro de titularidade desta Administración que presta un servizo público, independentemente da forma de xestión elixida para este fin. Neste senso, o que debe valorarse non é cómo ou quen presta o servizo, senón que as condicións de prestación se axustan aos parámetros establecidos por esta consellería no prego de cláusulas que rexe o contrato e que os usuarios accedan ao servizo nas mesmas condicións e do mesmo xeito que os que acceden a servizos públicos similares prestados, ben directamente ou ben a través doutra xestión.

A posibilidade de que esta Administración poida xestionar os seus propios centros de forma directa, con persoal propio, ou indirecta, recóllese na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, aprobada durante o Goberno bipartito. Neste senso, o marco legal, non cambiou.

A este respecto, o artigo 29 da citada lei establece a posible prestación de servizos sociais polas Administracións públicas galegas directamente ou de maneira indirecta.



En calquera caso, estamos a falar dun servizo público, financiado pola Administración Pública e cuxos usuarios acceden a él do mesmo xeito que os que ingresan en centros de xestión propia da Xunta de Galicia. Estes usuarios reciben as mesmas prestacións e aplícanse-lle as mesmas normas de participación no financiamento do servizo que aqueloutros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 580, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da eficacia do modelo de colaboración público-privada para a construción de infraestruturas sanitarias e a súa valoración en relación coas queixas e denuncias referidas ás deficiencias na xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a débeda asumida por Galicia coa súa construción”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O novo Hospital de Vigo Álvaro Cunqueiro é unha infraestrutura sanitaria estratéxica que deu resposta á necesidade de modernizar a asistencia sanitaria do sur de Galicia. Para dispoñer o antes posible deste hospital, realizouse a licitación e adxudicación da súa construción, iniciáronse as obras no 2011, e finalizouse a súa construción e púxose en funcionamento en 2015. Convén deixar clara, unha vez máis, que o proceso levouse a cabo con todas as garantías e coa máxima transparencia, cumprindo, como non podería ser de outro xeito, co Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

En canto ao modelo de contratación dicir que o utilizado é o que permitiu:

-Dispor dun novo hospital no peor escenario económico posible, que noutro caso non tería sido posible, é dicir, estamos falando de ter ou non ter novo hospital.

-Podelo realizar na metade de tempo que, por exemplo, o novo hospital de Lugo ou o novo hospital central de Asturias.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
13 FEB. 2017
Núm. 5041

Á asistencia sanitaria en Galicia é, e seguirá sendo, 100% pública, prestada por profesionais do Servizo Galego de Saúde e xestionada dende este organismo. Cuestión diferente son algúns servizos non clínicos, non asistencias, como restauración, lavandería e lencería, limpeza, mantemento ou outros similares, que se poden realizar por parte de empresas externas, tal e como tamén se fai nos outros sistemas de saúde do noso entorno, independentemente da cor política do correspondente Goberno.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 608**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“os datos referidos ás persoas en paro en Galicia reflectidos na Enquisa de poboación activa publicada polo Instituto Nacional de Estatística, a información e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi facilitada no Parlamento polo Conselleiro de Economía, Emprego e Industria na sesión plenaria do 22.11.2016 ao darlle resposta á pregunta 609, de similar contido mesma autoría.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=01:13:43&idvid=C3205863&duration=00:12:31&wmv=0000009686A-002-100kb.wmv&.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 705**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para acordar a implantación do modelo denominado 'liña fría' para o servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e a situación laboral na que quedará o persoal que está a prestar servizo na cociña do centro, así como a posibilidade de mantemento do servizo nas anteriores condicións de prestación”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense están a analizarse diferentes alternativas, tendo en conta as súas características e todos os axentes implicados. A liña fría é unha delas.

Cando se decida o modelo, obviamente xustificarse. En calquera caso, será unha decisión técnica tomada polos profesionais.

A liña fría está implantada nun gran número de centros hospitalarios, con gran éxito e grandes vantaxes.

A situación laboral do persoal que presta servizos na cociña do CHOU será a mesma que actualmente.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
13 FEB. 2017
Núm. 5055

É necesario investir nunha nova cociña, precisamente para seguir mantendo a calidade e a seguridade da mesma no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

13 FEB. 2017

Num. 4968

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 900**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Aurelio Alfonso Núñez Centeno e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia en materia de sensibilización social respecto da liberdade de orientación sexual das persoas”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:


“O Parlamento galego aprobou, froito do consenso político dos grupos parlamentarios, a Lei 2/2014 pola Igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI).

Dende a súa entrada en vigor, os distintos departamentos da Xunta de Galicia traballan na súa aplicación nos respectivos ámbitos competenciais.

Así no artigo 7 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais establécese que “os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero’.

Así no pasado mes de agosto de 2016, asináronse convenios de colaboración entre o Goberno galego e as entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses de gays, lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Para este ano 2017, os diferentes departamentos do Goberno galego manterán o seu compromiso con este colectivo e, ademais, cómpre destacar que por primeira vez na



historia, o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2017 incorpora unha partida específica para o apoio ao movemento asociativo LGTBI.

A través da colaboración con entidades que traballan neste ámbito, levaranse a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 934**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os servizos relixiosos que están a prestar os capeláns da Igrexa católica na rede de hospitais públicos de Galicia”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos acordos asinados coa Santa Sede garántese a asistencia católica dos pacientes católicos ingresados nos hospitais públicos. Esta asistencia prestarase en todo caso co debido respecto á liberdade relixiosa e de conciencia, e coa observancia das normas de organización e funcionamento dos centros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 997**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da situación que reflicten os datos referidos ao consumo en Galicia de bebidas alcohólicas pola mocidade, o grao de cumprimento da Lei 11/2010, de prevención do seu consumo en menores de idade, e as actuacións concretas que se están a levar a cabo no eido educativo, así como a dotación dos recursos necesarios para o seu desenvolvemento”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O conselleiro de Sanidade constestou no Pleno celebrado o día 12 de decembro á Interpelación número 995 que contén idénticas preguntas.

Respecto da primeira afirmou que os datos dende hai máis de 20 anos, expoñen unha situación preocupante, aínda que en proceso de mellora, sobre a que é preciso seguir traballando.

Respecto do cumprimento da Lei 11/2010 a valoración é positiva, quedando aspectos por mellorar. Informou sobre as medidas de prevención, e as relacionadas coa limitación da oferta.

Tamén informou dos programas desenvolvidos coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
13 FEB. 2017
Núm. 5046

No que se refire aos recursos dispoñibles informou dos dedicados a 6 convocatorias entre 2013 e 2017, que acadan os 5,6 millóns de euros.

Adicionalmente finánciase unha intervención específica nos espazos de ocio nocturno, á que se destinaron máis de 240 mil euros dende o ano 2012.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1005**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos orzamentarios necesarios, así como a execución das obras de construción do novo centro de saúde de Ribadavia”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A finais de 2008, o Concello asina co Sergas a posta a disposición dunha parcela, situada non Campo da Feira, para a construción dun novo de centro de saúde. O Sergas, con data 2010, procedeu a adxudicación do Proxecto Básico de Execución do novo Centro de Saúde.

Pese ao investimento realizado polo Sergas na redacción do proxecto, non consta cesión dos devanditos terreos por parte do Concello de Ribadavia, que a data de hoxe aínda non aportou documentación que acredite a súa titularidade sobre as seis leiras que compoñen a parcela e, en consecuencia, a agrupación das mesmas e o seu certificado catastral. Todo elo imprescindible para completar os trámites de cesión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1024**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para reverter o impacto na poboación galega do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 22.12.2016- pola Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 1825 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Explicou que non hai constancia de dificultades de persoas emigrantes retornadas para acceder á asistencia sanitaria; e reiterou a disposición das unidades de tarxeta sanitaria e do persoal dos centros de saúde para facilitar información e apoio na realización dos trámites que estas persoas deben realizar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Directora Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1108**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**os criterios seguidos e as medidas adoptadas para outorgarlles praza na residencia de Ares ás persoas maiores que quedaron sen praza no centro de día Virxe de Covadonga, na parroquia de Laraxe, no concello de Cabanas, as razóns existentes para non financiar o seu transporte á residencia de Caranza-Ferrol e a situación en que se atopa a planificación do aumento destas prazas públicas na área de Ferrol**”, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 31.01.2017- pola directora xeral de Maiores e Persoas com Discapacidade ao dar resposta á pregunta 3157, sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017



A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1251**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa xestión que está a levar a cabo a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as causas e as consecuencias da situación de saturación, para os doentes e os profesionais do centro, producida no Servizo de Urxencias nos días previos e posteriores ao 14 de novembro de 2016, así como as medidas adoptadas e previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende os primeiros días do mes de decembro procedeuse á posta en funcionamento do novas camas ata acadar o 100% das existentes. Diariamente valorase a actividade e as necesidades para adecuar a organización e os recursos.

O cadro de persoal, tanto de urxencias como o de medicina interna tamén se reforzou.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1551**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade para resolver os problema que afectan ao Servizo de Pediatría”**, (publicada no BOPG número 22 do 30 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os anticoagulantes de acción directa son un tipo de medicamento para os que o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad (MSSSI) estableceu financiamento só para determinadas indicacións.

O facultativo médico, unha vez valorada a situación clínica, será quen considere a indicación da medicación e solicite a homologación sanitaria, na que se verificará que se cumpren os requisitos establecidos para todo o Sistema Nacional de Saúde polo MSSSI.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

13 FEB. 2017

NUM

4986

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1582**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a creación do centro de atención terapéutica-ocupacional de xestión pública para persoas con discapacidade de máis de 21 anos de idade na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 22 do 30 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 22.11.2016- polo Conselleiro de Política Social ao dar resposta á pregunta 388 sobre o mesmo tema. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

A directora Xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1628**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgún estudo respecto da orixe da discriminación salarial que padecen as mulleres en Galicia e as medidas previstas para corrixila”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 791 –na sesión plenaria do 13.12.2016- sobre similar tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:45:09&idvid=C3212319&duration=00:30:11&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

A directora Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1742**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da Consellería de Sanidade para non elaborar campañas de prevención, formación de profesionais e informativas, así como non realizar o plan de cribado segundo o establecido no Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatitis C, e a súa posición en relación coa posible ampliación para o tratamento de doentes F0”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A liña estratéxica do Plan Nacional correspondiente á epidemioloxía e prevención esté en fase de elaboración e deseño por parte do Comité de expertos. Galicia desenvolverá as actividades que se definen en canto o Comité as estableza e o o Ministerio as comunique. Desta forma contrubuiremos a garantir a homoxeneidade e equidade en todo o sistema nacional de saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1758**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as actuacións previstas pola Consellería de Industria e Emprego para corrixir a deterioración existente na distribución do emprego por idades”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 2118 –na sesión plenaria do 13.12.2016- sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo deputado.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:54:35&idvid=C3212329&duration=00:11:48&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1793**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a política da Xunta de Galicia en materia de acollemento familiar”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:


“A Xunta de Galicia aposta firmemente polo acollemento familiar para a atención de menores que deben estar temporalmente separados das súas familias de orixe.

O acollemento familiar é unha medida de protección para nenos e nenas que non poden ou non é conveniente que vivan cos seus pais.

Mediante o acollemento, o neno ou nena pasa a convivir cunha familia distinta á súa, integrándose plenamente na vida familiar. A familia acolledora debe coidar ao menor, telo na súa compañía, educalo e velar porque as súas necesidades estean atendidas.

No acollemento familiar, mantéñense os vínculos de parentesco do ou da menor cos seus pais biolóxicos, considerándose unha medida de protección temporal.

Con base nos principios xerais da normativa estatal e autonómica de protección de infancia, a política da Xunta de Galicia é favorecer o acollemento familiar fronte ao residencial.



A Consellería de Política Social está a ultimar a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA), un instrumento de planificación das políticas de benestar que a Xunta de Galicia impulsará nos vindeiros catro anos, dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma.

A Xunta de Galicia desenvolveu accións divulgativas do acollemento familiar co deseño e edición do conto 'Os Bolechas aumentan a familia', que se distribuíron en todos os centros educativos, bibliotecas, centros de menores e asociacións que traballan coa infancia...

As familias acolledoras contan con diferentes apoios da Xunta de Galicia:

En primeiro lugar, as familias acolledoras dispoñen do apoio técnico e acompañamento durante todo o tempo que dure o proceso.

Ademais, na maioría dos casos as familias reciben unha compensación económica da Administración polo acollemento.

Por outra banda, se asumen directamente aqueles servizos adicionais (gastos extraordinarios) que necesiten as persoas menores, que se entenda que exceden do seu coidado ordinario e que non estean cubertos polo sistema público xeral; así por exemplo, cobre os gastos derivados de servizos ou actividades tales como atención profesional especializada (por exemplo no ámbito da logopedia, psicoterapia, pedagogía, enfermería, fisioterapia, etc...), atención óptica e odontolóxica, próteses, etc.

As familias acolledoras poden ser, así mesmo, perceptoras doutros beneficios, tanto do sistema de galego de servizos sociais como doutros sistemas de protección.


Finalmente, co obxecto de dotar ás familias acolledoras dunha protección especial, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, dáselles o



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



carácter de 'familias de especial consideración', que outorga ás familias acolledoras un trato preferente en determinados ámbitos (vivenda, educación, transporte, etc.) en función da normativa específica de cada un destes sectores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Páxina 3 de 3



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1804**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da consignación para o ano 2017 dos orzamentos necesarios, así como da execución do proxecto, para a construción do novo centro de saúde da Illa de Arousa”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para mellorar as instalacións do actual centro de saúde é necesaria a realización dunhas obras de reforma, así como a instalación dun ascensor. Con este obxecto asinouse o pasado mes de novembro un convenio entre o Concello e o Servizo Galego de Saúde, que recolle o compromiso deste de elaborar e, de ser o caso, supervisar e aprobar o correspondente proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar estas obras con cargo aos seus orzamentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2078**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación asistencial existente no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as razóns do Goberno galego para manter camas pechadas nel e as súas previsións respecto do incremento da dotación de persoal e equipamento do centro, así como sobre o número de camas que vai ter ao remate das obras de ampliación”**, (publicada no BOPG número 29 do 15 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende os primeiros días do mes de decembro procedeuse á posta en funcionamento de novas camas ata acadar o 100% das existentes. Diariamente valorase a actividade e as necesidades para adecuar a organización e os recursos.

Respecto á telemetría adquiríronse novos equipos para a planta de cardioloXía.

O cadro de persoal, tanto de urxencias como o de medicina interna tamén se reforzou.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2094**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o contido do convenio asinado entre o Sergas e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde, así como o número de persoas reclusas tratadas coa medicación indicada**”, (publicada no BOPG número 29 do 15 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A asistencia sanitaria no caso dos internos dos centros penais correspóndelle ao Ministerio do Interior.

No caso dos pacientes reclusos afectados pola hepatitis C esta atención, dentro da capacidade de autoorganización, veuse levando a cabo a través dos servizos centralizados no hospital Gregorio Marañón, de Madrid. Pero non unicamente no caso de reclusos nas institucións penitenciarias galegas senón para a totalidade do territorio.

Con todo, o pasado mes de abril, a iniciativa do Servizo Galego de Saúde, formalizouse un protocolo de actuación entre o SERGAS e Institucións Penais para a atención aos pacientes afectados polo virus da hepatitis C ingresados en centros penais da comunidade autónoma de Galicia.

Nos compromisos recollidos no citado texto establécese que o SERGAS pon a disposición dos centros penais situados na Comunidade todos os seus medios e dispositivos asistenciais, co fin de desenvolver a cooperación necesaria en relación a estes pacientes reclusos infectados polo virus da hepatitis C e co fin de colaborar no seguimento destes pacientes, no caso daqueles que non fosen tratados no Hospital Gregorio Marañón.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 2101, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Consellería de Sanidade respecto da existencia dun problema global en Galicia para a cobertura dos servizos de pediatría por profesionais, os datos ao respecto e as súas previsións en relación coa incorporación de máis pediatras ao Sergas, así como a mellora da dotación de persoal do Servizo de Cirurxía Pediátrica e o impulso do funcionamento deste servizo en Ourense durante as 24 horas do día”**, (publicada no BOPG número 29 do 15 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Garantir a calidade de prestación sanitaria na atención pediátrica é un obxectivo prioritario do Sergas.

A non dispoñibilidade de profesionais dificulta en moitas ocasións a cobertura do cadro de persoal, polo que as ausencias e substitucións valoranse en conxunto en cada unha das EOXIS, tendo en conta os recursos dispoñibles. Non obstante, é preciso recordar que a atención, de non de haber un pediatra, é prestada polos médicos de familia, profesionais perfectamente capacitados para facelo.

O Servizo de Cirurxía Pediátrica do CHOU existe e está operativo as 24 horas do día. E un servizo de Área, compartido co servizo de cirurxía pediátrica do CHUVI, que da apoio e trata aquelas patoloxías que pola súa complexidade non son subsidiarias de tratamento no CHOU.

A Área do Servizo Compartido de Cirurxía Pediátrica para o sur de Galicia créase por resolución do 12 de novembro de 2013, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde. Esta

13 FEB. 2017

Núm. 5052

fórmula organizativa potencia o traballo e a cooperación intrahospitalaria, ademais de
achegar os servizos aos cidadáns e promover a equidade no acceso ás prestacións, e é
garantía de que cada patoloxía atendese no lugar axeitado e polos profesionais axeitados,
mellorando a seguridade dos doentes e os coñecementos e habilidades técnicas dos
profesionais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de
Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2110**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense en relación cos reclamacións do persoal do centro, as medidas previstas para mellorar a situación da sala de descanso do persoal do Servizo de Urxencias e a posible gratuidade do aparcadoiro da zona nova”**, (publicada no BOPG número 29 do 15 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras rexeita que exista, nin existirá en ningún momento, desprezo cara ós traballadores e aos representantes sindicais.

O persoal do servizo de urxencias ten unha sala de descanso dentro do propio servizo e por outra que ofertóuselles outra sala, nun espazo anexo ao servizo de urxencias, ao non dispor de ningunha outra dentro do propio servizo, dado que todos es espazos se adican ao uso asistencial para os pacientes.

Informar que según da reunión mantida coa Xerencia do Sergas, o aparcadoiro do CHOU, disporá dunha parte gratuíta e outra parte do pago.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2113**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade respecto da elección do modelo denominado 'liña quente' para a nova cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como a eliminación da temporalidade do seu persoal e o cadro de persoal que vai ter”**, (publicada no BOPG número 29 do 15 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense están a analizarse diferentes alternativas, tendo en conta as súas características e todos os axentes implicados. A liña fría é unha delas.

Cando se decida o modelo, obviamente xustificárase. En calquera caso, será unha decisión técnica tomada polos profesionais.

A liña fría está implantada nun gran número de centros hospitalarios, con gran éxito e grandes vantaxes.

A situación laboral do persoal que presta servizos na cociña do CHOU será a mesma que actualmente.

PARLAMENTO DE GALICIA
RÉXISTRO XERAL ENTRADA
13 FEB. 2017
Núm. 5031

É necesario investir nunha nova cociña, precisamente para seguir mantendo a calidade e a seguridade da mesma no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2135**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a consignación, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, dalgunha partida para a elaboración dun proxecto de execución dunha infraestrutura para restablecer os servizos do Hospital Gil Casares, a existencia dalgún calendario e o prazo estimado para esas actuacións, así como o asentamento previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 29 do 15 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos orzamentos do ano 2017 existen dúas consignacións relacionadas con esta pregunta:

-Actuacións nos hospitais de Santiago: 700.000 Euros.

-Nova Facultade de Medicina: 5.000.000 Euros.

Respecto da dotación de servizos asistenciais, na actualidade están todas as plantas e camas operativas, non existe ningún recorte e dase resposta a demanda asistencial existente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2344**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Sergas respecto da substitución do modelo tradicional por un modelo privatizado de 'liña fría' no servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ou noutros centros sanitarios da provincia e os beneficios que podería achegar á calidade do servizo e á seguridade alimentaria, así como a valoración da posibilidade de reducir o seu persoal ou o seu horario actual”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense están a analizarse diferentes alternativas, tendo en conta as súas características e todos os axentes implicados. A liña fría é unha delas.

Cando se decida o modelo, obviamente xustificarse. En calquera caso, será unha decisión técnica tomada polos profesionais.

A liña fría está implantada nun gran número de centros hospitalarios, con gran éxito e grandes vantaxes.

A situación laboral do persoal que presta servizos na cociña do CHOU será a mesma que actualmente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 FEB. 2017
Núm.

É necesario investir nunha nova cociña, precisamente para seguir mantendo a calidade e a seguridade da mesma no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 723**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para informar e formar as persoas consumidoras e usuarias en relación coa factura da subministración eléctrica”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 2764 –na sesión plenaria do 24.01.2017- sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:54:14&idvid=C3229029&duration=00:09:42&wmv=0000009774E-002-100kb.wmv&.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 725**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos resultados da primeira edición do programa denominado Galicia Exporta e as súas previsións respecto do seu mantemento no futuro”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 1.02.2017- polo director xeral do IGAPE ao darlle resposta á pregunta 2761 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:25:24&idvid=C3231616&duration=00:13:19&wmv=0000009794L-002-100kb.wmv&.)

[timecode=00:25:24&idvid=C3231616&duration=00:13:19&wmv=0000009794L-002-100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:25:24&idvid=C3231616&duration=00:13:19&wmv=0000009794L-002-100kb.wmv&.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1235**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a incidencia dos recortes do Goberno central nos fondos asignados ás comarcas mineiras galegas no Plan do carbón 2006-2012, os datos referidos ao seu desenvolvemento e a posibilidade de compensación da totalidade dos fondos non investidos nas infraestruturas das Pontes e Cerceda”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 1.02.2017- polo director xeral de Enerxía e Minas ao darlle resposta á pregunta 2823 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:53:33&idvid=C3231618&duration=00:23:04&wmv=0000009794L-002-100kb.wmv&>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1317**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas adoptadas para combater a pobreza enerxética, así como a incidencia que teñen as liñas de actuación do Goberno central no afrontamento do problema polas comunidades autónomas”**, (publicada no BOPG número 22 do 30 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria a interpelación 1315 –na sesión plenaria do 13.12.2016- sobre similar tema e formulada polos mesmos deputados.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=01:49:45&idvid=C3212321&duration=00:34:27&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=01:49:45&idvid=C3212321&duration=00:34:27&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1319**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística referidos á pobreza enerxética e a súa opinión respecto da suficiencia das medidas postas en marcha para afrontar a situación das familias afectadas”**, (publicada no BOPG número 22 do 30 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 1320 –na sesión plenaria do 13.12.2016- sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:13:55&idvid=C3212326&duration=00:13:34&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&."](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:13:55&idvid=C3212326&duration=00:13:34&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1837**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgunha valoración das posibles consecuencias para os estaleiros galegos da crise económica da empresa Pemex, así como o incumprimento dos compromisos e anuncios públicos de carga de traballo e de creación de emprego, as medidas que vai adoptar ao respecto e o plan ou estratexia prevista para o sector”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta o conselleiro de Economía, Emprego e Industria á pregunta 2090 –na sesión plenaria do 13.12.2016- sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmo/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:41:24&idvid=C3212328&duration=00:13:11&wmv=0000009711M-002-100kb.wmv&.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

A directora Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 634**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación coas reclamacións dos mariñeiros galegos que traballaron na mariña mercante de Noruega referidas ao recoñecemento do dereito a percibir as súas pensións de xubilación ou a que se lles devolvan os impostos recadados”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é coñecedora da prolongada situación inxusta que padecen as persoas que integran a asociación Long Hope e, en consecuencia, ten desenvolvido un rol activo para apoiar as metas do colectivo, sempre no marco das súas competencias.

Por unha banda, celebráronse reunións coas persoas representantes da asociación para coñecer de preto as súas demandas, que posteriormente foron transmitidas ás instancias pertinentes.

Por outra banda, deuse cumprido traslado ao Goberno do Estado dos acordos acadados no Parlamento de Galicia. Como é coñecido, o eixo fundamental destes acordos constitúeno a solicitude ao Estado da presentación dunha demanda interestatal contra Noruega diante do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Ademais, a Xunta de Galicia mantivo una relación fluída co Goberno de España para coñecer as decisións adoptadas e os avances acadados.

Por último, cómpre sinalar que o Consello da Xunta deu o visto e prace o 1 de setembro do 2016 á sinatura dun convenio de colaboración coa asociación Long Hope cuxo obxectivo



era o de contribuír ao financiamento dos gastos nos que incorrese o colectivo na defensa do recoñecemento da pensión de xubilación polo sistema noruegués. Como é coñecido, a asociación Long Hope negouse a asinar o sinalado convenio aducindo discrepancias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Sanromán Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 662**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os datos referidos á tramitación do expediente de contratación do proxecto técnico da dragaxe para a mellora da seguridade do porto de Laxe, as actuacións concretas que se van levar a cabo e o seu calendario de execución, así como as que se van desenvolver con posterioridade para ese fin”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a tramitar a obra de dragaxe do porto de Laxe. Trátase dunha demanda histórica do sector na zona para dar resposta ás necesidades de abrigo da flota do municipio, unha necesidade da que Portos de Galicia é plenamente consciente e coa que estamos comprometidos en busca dunha solución.

Esta actuación conta cun orzamento estimado de arredor de 3,5 millóns de euros e durante os meses que levamos traballando na súa tramitación creouse unha mesa técnica para realizar o seguimento do proxecto. Esta mesa técnica está composta por técnicos de Portos de Galicia, o Concello, os portavoces de todos os grupos municipais, e a confraría de Pescadores.

Tras máis dun ano de tramitación, Portos de Galicia licitou en 2016 as obras, que prevía iniciar nese outono, sen embargo, no mes de xullo produciuse un imprevisto de carácter



administrativo que complica a tramitación e do que Portos informou de xeito inmediato á comisión técnica de seguimento.

O problema sobrevido foi que parte da zona afectada pola actuación de dragaxe prevista atópase catalogada como Rede Natura, polo que conta cunhas medidas de protección e garantías ambientais máis estritas e específicas, que non se contemplaban na tramitación realizada ata o momento.

Portos de Galicia, como non podía ser doutro xeito, realizou todos os trámites ambientais contemplados na lexislación e solicitou informes respecto diso aos organismos competentes. Con todo, nunha consulta de mapas de catalogación realizada polos propios técnicos de Portos no mes de xullo, constatouse que se trataba de Rede Natura.

Ante esta situación, Portos non pode máis que asumir o novo escenario administrativo que se expón para esta obra e que atrasa inevitablemente a súa execución xa que a tramitación ambiental dos traballos require agora de novas medidas de protección que obrigan a dar determinados pasos que non se prevían antes de coñecer a catalogación como Rede Natura. Por tanto, os prazos previstos ata pasado verán atrasaranse e a obra non puido dar comezo en 2016 como estaba previsto.

Con todo, Portos de Galicia trasladou xa aos representantes do Concello e a Confraría que non renuncia ao proxecto, que seguirá adiante coa tramitación administrativa do mesmo e que manterá a consignación orzamentaria existente.


De feito, o ente público está a traballar xa na nova tramitación das obras. A día de hoxe estase en fase de redacción do estudo de impacto ambiental ao que obriga a catalogación de Rede Natura, para a obtención da Declaración de Impacto Ambiental por parte da administración ambiental autonómica. Esta tramitación ten unha duración prolongada, como coñece o sector e foi a propia comisión de seguimento e o sector os que optaron pola tramitación global, asumindo a súa dilatación no tempo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Como pode verse por tanto, existe por parte de Portos vontade de dar cumprimento ao seu compromiso co sector marítimo portuario de Laxe sempre de xeito coordinado con el e mantendo contacto directo cos seus representantes así como cos da cidadanía a través da Corporación municipal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 899**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Aurelio Alfonso Núñez Centeno e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia no ámbito educativo para dar resposta á necesidade dunha educación en igualdade e libre de violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 11 do 10 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Durante o ano 2016, o Goberno galego fixo importantes avances no eido educativo, destacando a elaboración do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 e a incorporación como materia autónoma de libre configuración a asignatura ‘igualdade de xénero’ para o curso escolar 2016-2017.

Durante o ano 2017, ademais de continuar estas iniciativas, desenvolveranse as actuacións que aparecen recollidas no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 e continuaranse levando a cabo actuacións en 78 concellos galegos que están adheridos á Rede de entidades locais contra a violencia de xénero relativas á sensibilización, concienciación e información dirixidas á mocidade sobre a violencia machista.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1140**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a realización polos técnicos da Xunta de Galicia dalgunha valoración das obras necesarias para a ampliación do colexio de educación infantil e primaria Eladia Mariño, do concello de Cabanas, así como o orzamento e os prazos previstos para a execución do proxecto”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:


“Foron máis de 38 millóns de euros investidos en centros educativos na anualidade 2016. Este investimento supuxo actuacións en máis de 500 centros de toda Galicia, tal como se recolle no informe polo que se deu conta ao Consello da Xunta, do estado de execución das actuacións en infraestruturas educativas no curso 2016/2017.

Porén, o elevado número de centros e as necesidades derivadas da antigüidade media destes, levaron a priorizar actuacións en cubertas (136), reformas de instalacións eléctricas (86), fontanería e calefacción (66), ventás e carpinterías (60).

Así, concretamente, no CEIP Eladia Mariño investíronse 43.548,14 € na instalación de iluminación e colocación de falsos teitos con cargo ao fondo de superávit.

Respecto das ampliacións, co obxecto de priorizar as actuacións onde o crecemento da número de alumnos sexa maior, avalíase a evolución da matrícula nos centros .

Así no CEIP Eladia Mariño de Cabanas, no curso 2012/2013 estaban matriculados 72 nenos de infantil e 103 en primaria, facendo un total de 175 alumnos. No curso 2015/2016



eran 49 alumnos en infantil e 123 en primaria, total 172 alumnos. No curso actual mantense a cifra de 172 alumnos. Polo tanto cabe concluír que a matrícula neste centro é estable, non presentando crecemento.

A ampliación do CEIP Eladia Mariño é un compromiso e está prevista na medida que a dispoñibilidade orzamentaria o permita, tendo en conta a necesidade de atender as obras máis urxentes derivadas do aumento de matrícula, sobre todo na FP, así como as obras de reforma e mellora nos centros escolares que con carácter de urxencia así o precisen.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2131**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información do Goberno galego en relación coa posible distribución nalgún centro de ensino de Galicia da publicación titulada ¿Sabes lo que quieren enseñarle a tu hijo en el colegio? Las leyes de adoctrinamiento sexual, da organización Hazte Oír, e, se é o caso, as medidas adoptadas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 29 do 15 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:


“En relación coa presunta chegada de dita publicación a centros educativos de Galicia, a postura da Xunta de Galicia é clara :

- Existe un rexeitamento total á divulgación de calquera tipo de publicación con contidos non pedagóxicos, e por suposto aos ideolóxicos e doctrinarios, nun centro educativo sostido con fondos públicos.

- Ao mesmo tempo, a Xunta de Galicia está rotundamente en contra de calquera manifestación homófoba e que atente contra a liberdade das persoas, e neste caso, contra a liberdade de orientación sexual e identidade de xénero.

Por suposto, foi este Goberno o que máis ten avanzado en prol da defensa, igualdade e non discriminación do colectivo LGTBI, e así se seguirá facendo nos vindeiros anos, xa que a liberdade e o respecto neste caso está por riba de calquera outra cousa.

- No caso de que un tipo de publicación deste tipo, ou de outro que non cumpra coa lexislación, ten que ser retirada do centro educativo que a reciba, xa sexa de maneira particular ou de forma masiva a varios centros.



- A lexislación vixente é clara nestes casos, polo que confiamos na responsabilidade dos equipos directivos para que cumpran coa normativa de maneira responsable e con sentido común.

No caso que nos ocupa neste momento, a lexislación vixente posta en marcha por este Goberno non deixa lugar a dúbidas :

Lei 2/2014, pola Igualdade de trato e non discriminación de LGTBI en Galicia.

Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa (e o Decreto 8/2015 que a desenvolve).

Protocolo de identidade de xénero.

A estratexia de convivencia Educonvives.gal

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.

LOMCE: pon o acento no coñecemento das diferentes realidades que aporta a diversidade afectiva e sexual, como factor de enriquecemento social e como valor a defender desde a pluralidade e o respecto absoluto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
13 FEB. 2017
Núm. 4928

RS/ms

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
10 FEB. 2017
SAIDA
Núm. 115

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2317**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luca Chao Pérez, sobre **“a información e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa distribución polas asociacións Hazte Oír e Citizen Go nos centros de ensino de Galicia da publicación titulada “¿Sabes lo que quieren enseñarle a tu hijo en el colegio? Las leyes de adoctrinamiento sexual”,** (publicada no BOPG número 32 do 21 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:


“En relación coa presunta chegada de dita publicación a centros educativos de Galicia, a postura da Xunta de Galicia é clara :

- Existe un rexeitamento total á divulgación de calquera tipo de publicación con contidos non pedagóxicos, e por suposto aos ideolóxicos e doctrinarios, nun centro educativo sostido con fondos públicos.

- Ao mesmo tempo, a Xunta de Galicia está rotundamente en contra de calquera manifestación homófobo e que atente contra a liberdade das persoas, e neste caso, contra a liberdade de orientación sexual e identidade de xénero.

Por suposto, foi este Goberno o que máis ten avanzado en prol da defensa, igualdade e non discriminación do colectivo LGTBI, e así se seguirá facendo nos vindeiros anos, xa que a liberdade e o respecto neste caso está por riba de calquera outra cousa.

- No caso de que un tipo de publicación deste tipo, ou de outro que non cumpra coa lexislación, ten que ser retirada do centro educativo que a reciba, xa sexa de maneira particular ou de forma masiva a varios centros.



- A lexislación vixente é clara nestes casos, polo que confiamos na responsabilidade dos equipos directivos para que cumpran coa normativa de maneira responsable e con sentido común.

No caso que nos ocupa neste momento, a lexislación vixente posta en marcha por este Goberno non deixa lugar a dúbidas :

Lei 2/2014, pola Igualdade de trato e non discriminación de LGTBI en Galicia.

Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa (e o Decreto 8/2015 que a desenvolve).

Protocolo de identidade de xénero.

A estratexia de convivencia Educonvives.gal

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.

LOMCE: pon o acento no coñecemento das diferentes realidades que aporta a diversidade afectiva e sexual, como factor de enriquecemento social e como valor a defender desde a pluralidade e o respecto absoluto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela 27 de xaneiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727